



Emprendemento en Formación Profesional: Seacaps, innovación e sustentabilidade no sector pesqueiro

Paula Boo

Paula Boo é funcionaria de carreira do corpo de Profesores de Ensino Secundario na especialidade de Organización e Xestión Comercial e coordinadora do proxecto Seacaps. Na actualidade, compatibiliza o seu traballo de docente co de Coordinadora de Emprendemento no CIFP Fontecarmona de Vilagarcía de Arousa.

Con anterioridade, traballou como Asesora de Emprendemento na Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.



Punta Fincheira, Rianxo.

O sector pesqueiro enfrenta numerosos desafíos na actualidade, desde a sobreexplotación de recursos mariños ata a necesidade de adoptar prácticas máis sostibles. Neste contexto, o emprendemento entre o alumnado de Formación Profesional converteuse nun motor clave para o desenvolvemento e a mellora das empresas. Un exemplo diso podería ser o proxecto Seacaps, unha iniciativa innovadora que pretende transformar algas mariñas e cunchas de crustáceos en fertilizantes ofrecendo unha alternativa sostible tanto para particulares como para empresas.

O aumento do emprendemento en FP

A Formación Profesional ten evolucionado nas últimas décadas, converténdose nunha opción educativa valiosa que prepara aos/as estudantes para o mundo laboral. Neste ámbito, o emprendemento cobrou especial relevancia. Os mozos/as

emprendedores/as non só buscan crear as súas propias empresas, senón que tamén aspiran a impactar positivamente no medio ambiente e na sociedade.

A combinación técnica co espírito empresarial permite aos estudantes desenvolver actividades prácticas e creativas que son esenciais nunha sociedade dinámica como a actual.

Seacaps: unha idea innovadora

O proxecto Seacaps, desenvolto por un grupo de catro estudantes do ciclo superior de Comercio Internacional que cursan os seus estudos no CIFP Fontecarmoa, de Vilagarcía de Arousa, no curso 2023/24, representa un claro exemplo de como as ideas innovadoras poden xurdir na aula.

Este proxecto céntrase na utilización de algas mariñas e cunchas de crustáceos, dous recursos abundantes nas nosas costas, para a fabricación de cápsulas fertilizantes. A iniciativa non só busca aproveitar estes recursos dunha maneira sostible, senón tamén contribuír á economía circular.

O proceso de elaboración

A produción das cápsulas fertilizantes Seacaps comeza coa recolección de algas mariñas e cunchas de crustáceos, materiais que, en moitas ocasións, son considerados refugallos. A través dun procedemento de tratamento e transformación, o alumnado converte estes residuos nun produto útil e eficaz para a agricultura.



As algas mariñas son coñecidas polas súas propiedades nutritivas, mentres que as cunchas achegan calcio e outros minerais esenciais. Da combinación destes elementos resulta un fertilizante que mellora a calidade do chan, as súas propiedades e promove un crecemento saudable dos cultivos.



Seacaps non só se centra na creación dun produto innovador, senón que tamén aborda a necesidade de prácticas sostibles no sector agrícola. Coa crecente preocupación polo uso excesivo de fertilizantes químicos, que poden ter efectos prexudiciais no medio ambiente, os fertilizantes orgánicos, como os producidos por Seacaps, representan unha alternativa viable. Isto non só beneficia aos agricultores, que poden mellorar a calidade dos seus cultivos de maneira sostible, senón que tamén contribúe á conservación dos recursos mariños.

O proxecto Seacaps ten o potencial de transformar o sector pesqueiro en varias dimensións. En primeiro lugar, a recolección de algas mariñas e cunchas de crustáceos proporciona unha nova fonte de ingresos para pescadores e confrarías. Ao fomentar a recolección sostible, Seacaps non só axuda a diversificar actividades económicas en comunidades costeiras, senón que tamén promove a conservación dos ecosistemas mariños.

En segundo lugar, a elaboración de fertilizantes a partir destes recursos pode estimular a produción agrícola en zonas costeiras, contribuíndo así á seguridade alimentaria e o desenvolvemento rural. Cun aumento na produción agrícola, as comunidades poden reducir a súa dependencia dos produtos importados e fomentar a economía local.

Aprendizaxe práctica e desenvolvemento de habilidades

Un dos aspectos máis valiosos do proxecto Seacaps é a experiencia práctica que ofrece aos/ás estudantes de Formación Profesional. A través do proceso de investigación, desenvolvemento e comercialización do produto, o alumnado adquire habilidades esenciais que son altamente valoradas no mercado laboral. Desde a xestión de proxectos ata o márketing e a produción, os/as estudantes teñen a oportunidade de aprender e aplicar coñecementos nunha contorna real.

Este tipo de formación práctica non só mellora a empregabilidade do alumnado, senón que tamén fomenta unha mentalidade emprendedora. Os/as estudantes que participan en proxectos como Seacaps desenvolven unha maior confianza nas súas habilidades e están máis preparados para afrontar os desafíos do mundo empresarial.

O éxito de proxectos como Seacaps non sería posible sen a colaboración de diferentes actores: institucións educativas, organizacións ambientais e administracións públicas deben traballar xuntas para crear un ecosistema de apoio ao emprendemento na FP. Esta colaboración pode incluír a provisión de recursos, asesoramento técnico e oportunidades de financiamento, o que facilitaría a xeración e incubación de iniciativas emprendedoras.

O emprendemento entre o alumnado de Formación Profesional é un factor chave na mellora e o desenvolvemento do sector pesqueiro. Proxectos como Seacaps non só demostran a capacidade da mocidade para innovar e atopar solucións sostibles aos problemas actuais, senón que tamén destacan a importancia da educación técnica e especializada na formación de emprendedores comprometidos co medio ambiente.

Iniciativas como Seacaps son só o comezo dun camiño cara a un futuro máis sostible e próspero para as nosas comunicades costeiras. A colaboración e o apoio institucional serán esenciais para asegurar que estas ideas innovadoras se convertan en realidades que beneficien tanto ao sector pesqueiro como á nosa sociedade.

O proxecto Seacaps foi elaborado polos estudantes de primeiro curso do ciclo superior de Comercio Internacional: Daniel Barcala, Teresa Figueira, Óscar Millán e Sylvana Portela. Esta iniciativa emprendedora foi premiada co terceiro galardón da modalidade A (ciclos de grao superior) no concurso Eduemprende Idea 2024.

O concurso Eduemprende Idea convócase anualmente pola Consellería de Educación co fin de promover a realización de proxectos empresariais por parte do

alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia sostidas con fondos públicos.

Tanto Seacaps como o resto dos proxectos premiados na convocatoria Idea2024 teñen a posibilidade de incorporarse a algún dos viveiros que compoñen a Rede galega de viveiros de empresas en centros educativos ou á área de emprendemento industrial do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional ademais de poder recibir asesoramento técnico da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social a través da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego.

